

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 14 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día catorce de decembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE, de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1694).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

2(1695).- ACEPTAR DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A POSTA EN PRÁCTICA EN GALICIA DO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO ATENDE”. EXPTE.9309/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.12.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aceptar a subvención para a posta en práctica en Galicia do Obradoiro de Emprego “Vigo Atende”, por resolución da Xefa Territorial de Vigo, da

Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 29 de novembro de 2012 en base a Orde do 27 de xullo de 2012, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación, co número de expediente 36/00008/2012, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 335.030,04 para a realización do proxecto de obradoiro de emprego "Vigo Atende", para 38 alumnos/as traballadores/as, distribuídos nas especialidades formativas de "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio", "Cociña" e "Restaurante-bar".

2.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado D. Santos Hector Rodríguez Díaz o nomeamento dos representantes do Concello no grupo mixto Xunta-Concello, así como a realización das propostas de contratación dos/as alumnos/as traballadores/as e do equipo directivo do obradoiro de emprego "Vigo Atende"

3.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do obradoiro de emprego "Vigo Atende", conforme ao establecido na base a Orde do 27 de xullo de 2012, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación, e proceda ao axuste do programa ao presuposto aprobado.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

Am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.